



Ruela xudea de Ribadavia. // Arquivo

A noite acesa de Alcalá

Narrativa galega *Unha falsa luz* pecha a triloxía do autor d´A nosa cinza sobre o protestantismo en Galicia

“Eu cando vexo isto digo:
canto amor e canto odio”
M. Molares (testemuña)

A finais dos 90 don Manuel Molares Porto, ancián da igrexa de Ares, contactaba con Xavier Alcalá para comunicarlle o interese da comunidade evanxélica en publicar a heroica xesta que viña de protagonizar no século XX. Procuraban un rapsodo inspirado que elevase o seu pasado recente a rango de arte, para facilitar deste modo a lembranza e a reflexión sobre os esforzos tamaños que só pola fe inquebrantábel no Amor tiña logrado realizar a comu-

principal vertebra a creación dun mundo literario riquísimo en matices universais. Resultan eficientemente tratados todos os aspectos humanos que xorden incontestábeis en situacións vitais extremas: a explosión do levantamento militar do 36, as descrições da guerra na fronte e a batalla cotiá nas vilas tomadas pola senrazón fundamentalista dos novos poderes. Isto descríbese, ademais, tanto no nivel microsocia da vida vilega canto no nivel macropolítico do “nacional” e do internacional.

En opinión de Xavier Queipo esta narración está caracterizada pola excentricidade. Con efecto, está

cos, por moi apolíticos que se mostraren, non podían comungar co *status quo*, tanto no senso real canto no figurado. É esta independencia irrenunciábel, nacida dunha vida espiritual que promove a relación directa do crente coa divindade, sen mediación de intérpretes autorizados, a que provocou que as actitudes evanxélicas fosen interpretadas polo maniqueísmo integrista como unha rebeldía intolerábel.

É a triloxía *Evanxélica memoria* unha narración relixiosa? Si. Política? Tamén. Apolítica? Evidentemente. Atea? É claro. Todo isto e moito máis, e non só porque as personaxes nos presenten un mosaico vivencial desde innúmeros puntos de vista, senón porque a mestría do escritor logra que a el mesmo, no relativo á *intentio auctoris*, o radiquemos nun punto equidistante respecto desa diversidade ideolóxica. Logra deste modo un efecto que só as grandes plumas teñen ao alcance: resaltar a través do discurso unha profunda reflexión sobre o humano. Algo que a literatura simplemente comercial non atinxe mediante a descrición groseira de catástrofes e vexacións, co único propósito de impactarnos na distancia curta.

Alcalá revélase comprometido coa verosimilitude na construción das personaxes, sen eludir nunca a función encomendada de rapsodo. Aquí é onde mostra respecto polo histórico, que funciona como apoio dunha ficción desenvolvida con sinxeleza e puído, sen costuras

á vista e superposta a unha frondosa ramificación de datos reais, froito da investigación rigorosa. Canto ao estilo, preséntase rico en vocábulos e estruturas sintácticas, cunha versatilidade que sen dúbida o converte nun dos referentes actuais da mellor lingua literaria.

No plano estritamente divulgativo, non queremos esquecer o interese da nova web do autor (xavieraalcala.org), un espazo con información sobre a obra literaria que inclúe unha novidade sorprendente: un *making of* sobre a triloxía con datos sobre as fontes (testemuñas, documentos) e o proceso creativo persoal.

É esta triloxía unha narración relixiosa? Si. Política? Tamén. Apolítica? Evidentemente. Atea? Claro. Todo isto e máis.

nidade. Os acontecementos do pasado, convertidos en literatura, pasarían de ser reais a seren verdadeiros. Porque a Verdade, inaprehensíbel racionalmente dos infinitos puntos de vista que a completan, só pode ser mostrada integralmente da perspectiva artística.

Deste modo naceu *Evanxélica memoria*, a triloxía que integra as novelas *Entre fronteiras*, *Nas catacumbas* e *Unha falsa luz*. A dura represión sufrida por unha personaxe

desenvolvida dun punto de vista, o dos evanxélicos, que implica unha rotunda posición de periferia social. Os crentes evanxélicos son de certo modo para os franquistas os xudeus que o nazismo masacrrou aparentemente por razóns relixiosas. Porén, a razón fundamental nos dous casos debeu ser a independencia ideolóxica que mostraban, e que impedía que se comprometesen coas novas regras político-relixiosas impostas. Resulta evidente que os evanxéli-

// Alfredo Ferreiro

Unha falsa luz ·
Xavier Alcalá ·
Galaxia, 2007 ·
476 páx · 22,50 euros



Nas catacumbas ·
Xavier Alcalá ·
Galaxia, 2005 ·
424 páx · 20,50 euros



Entre fronteiras ·
Xavier Alcalá ·
Galaxia, 2004 ·
346 páx · 18,50 euros

